

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 29 de maio do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“6. CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

A)CONTRATACIÓN.

A8. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS MUSICAIS (VERBENAS) DAS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA O ANO 2017 (EXP.018-SERVPN17).

FEITOS

- I. Por Decreto da alcaldía de 4.4.2017, se presto aprobación; ao prego de cláusulas administrativas (PCAP); ao prego de prescricións técnicas (PPT) e ao expediente para a contratación do servizo de Organización das Actuacións Musicais (verbenas) das Festas Patronais do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2017 (Exp.018-SERPN17) e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación que é o negociado sen publicidade; tramitación ordinaria e varios criterios de negociación; solicitándose convite a tres empresas tecnicamente capacitadas para a prestación do servizo. A citada aprobación leva aparelada a aprobación do gasto proposto e cuxa contía ascende o importe de 61.347,00 (IVE incluído).
 - II. Rematado o prazo de presentación de ofertas segundo o disposto na cláusula 10ª do PCAP, con data 23.3.2017 pola Comisión Negociadora procedeuse ao desenvolvemento do acto licitatorio resultando que a Comisión Negociadora, pola unanimidade dos seus membros, acorda á vista do contido das proposición achegadas e en cumprimento do disposto na cláusula 16ª do prego administrativo abrir a fase de negociación e solicitarlle reofertas ás empresas concorrentes, aos efectos de que puidesen mellorar as xa achegadas respecto dos criterios sinalados como susceptibles de negociación no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Transcorrido o prazo de presentación de reofertas (fase de negociación) con data 8.5.2017, reúnese novamente a Comisión Negociadora do contrato para a avaliación das mesmas, resultando que a empresa Musicsoft, S.L. e a que achega finalmente a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas en aplicación dos criterios de negociación recollidos no PCAP, segundo se reflicta na Acta do citado día e que consta no expediente.-

“(…)O programa que presenta é o seguinte.-

<i>DATAS</i>	<i>ACTUACIÓN/S</i>
<i>12.8.2016</i>	<i>- Orquestra Los Player`s.</i>
<i>13.8.2016</i>	<i>- Orquestra La Formula. - Orquestra Suavecito.</i>
<i>14.8.2016</i>	<i>- Grupo Canela. - Gin Toni`s.</i>
<i>15.8.2016</i>	<i>- Grupo Limòn.</i>
<i>16.8.2016</i>	<i>- Orquestra Saudade.</i>

Oferta económica.- 61.044,50.-€ (IVE incluído)....”

III. Transcorrido o prazo legalmente establecido dende a recepción do requirimento ao que se refire o art. 151.2 do TRLCSP en relación coa cláusula 18ª do PCAP constatouse que, a empresa MUSICSOFT, S.L constituíu a garantía definitiva e verificouse que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que cumpre cos requisitos de solvencia técnica e económica esixidos polo PCAP, en canto ao seguro, actualmente vixente, deberá acreditar dita vixencia na data da prestación do servizo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Polos feitos anteriormente expostos, concorren as circunstancias dispostas no artigo 151 do TRLCSP para a adxudicación do presente contrato.

Por todo elo e en atención ao D. 18.6.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2015), a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- ADXUDICAR o contrato administrativo do SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS MUSICAIS (VERBENAS) DAS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA O ANO 2017 (EXP.018-SERVPN17) á empresa Musicsoft, S.L. con CIF. B27223270 e/r D. Alberto Gallardo Rodríguez con DNI.34.262.789-B, quen se obriga ao cumprimento do contrato por un importe de 50.450,00.-€ aos que habería que engadir 10.594,50.-€ (IVE 21%) o que supón un total ascendente de 61.044,50.-€, que deberá cumprir con estrita suxeición aos pregos reitores da contratación e a seguinte programación segundo a súa oferta.-

<i>DATAS</i>	<i>ACTUACIÓN/S</i>
<i>12.8.2016</i>	<i>- Orquestra Los Player`s.</i>
<i>13.8.2016</i>	<i>- Orquestra La Formula.</i>

	- <i>Orchestra Suavecito.</i>
14.8.2016	- <i>Grupo Canela.</i> - <i>Gin Toni`s.</i>
15.8.2016	- <i>Grupo Limòn.</i>
16.8.2016	- <i>Orchestra Saudade.</i>

Segundo.-O gasto poderá ser contabilizado con cargo á aplicación 338.226.99 do vixente orzamento xeral municipal.

Terceiro.- **COMUNICAR** ao adxudicatario que a formalización do contrato deberá efectuarse no máis tarde dos **QUINCE DÍAS HÁBILES** seguintes a aquel en que sexa recibida a presente notificación de adxudicación de conformidade co previsto no artigo 156 do TRLCSP e a cláusula 20ª do PCAP.

Cuarto.- **PUBLICAR** a presente adxudicación e formalización no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos, cuxa dirección é www.monfortedelemos.es, e notificalo aos licitadores o domicilio indicado polos mesmos, de conformidade co disposto na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares”.

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a vinte e nove de maio de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

Q. ALCALDE

